

# Bonos Activa Comercio da Xunta

Desconto 30 euros nas compras.

Entrada en vigor o **3 de maio** do 2021 e consiste:

**Para Consumidores** un desconto de 5€ para compras entre 30 e 50 euros e, se a compra supera os 50€, o desconto será de 10€. O máximo desconto será de 30 euros por persoa. Os clientes terán que descargar unha app a partir do 3 de maio na páxina <https://www.bonosactivacomercio.gal/cliente/>

**Para os Comerciantes** ou servizos de perruquería que queiran acollerse terán que rexistrarse e descargar unha app para o cobro do desconto. Hai de prazo dende agora ata o 15 de maio, e para facelo, recibir información e obter o distintivo para anunciarse terán que facelo na páxina: <https://www.bonosactivacomercio.gal/comerciante/>

Estas xestións deben de facelas directamente vostedes tanto como comerciantes ou clientes. Se teñen dúbidas sobre o proceso, a Xunta pon ó seu servizo a atención telefónica no 012.